

# OSAN ALFATIA BEGOTO AUHIBRI SERONDO + ALDAO LADO

## O alfabeto híbrido

Un proxecto de Yolanda Castaño para a Fundación Luis Seoane

Fundación Luis Seoane

Venres 10 de abril, 22:00 horas

### Programa inaugural. Santiago Auserón + Aldaolado

#### Santiago Auserón

Santiago Auserón (Zaragoza, 1954) é unha das figuras máis importantes do panorama musical e cultural español das últimas décadas. A súa traxectoria artística abarca desde a súa participación como compositor e cantante a principios dos anos oitenta no grupo Radio Futura, considerado como o mellor grupo español da década, ata a creación do seu álter ego Juan Perro, pasando polo seu labor como escritor, investigador e conferenciante, ata a súa estreita colaboración con outros músicos de diferentes nacionalidades.

Nacido en Zaragoza o 25 de xullo de 1954, fixo estudos de Filosofía na Universidade Complutense de Madrid e na Université de Vincennes. En 1979 forma xunto ao seu

irmán Luis o grupo Radio Futura, co que gravaría álbums esenciais para a historia da música en España como *La estatua del jardín botánico* (1982); *La ley del desierto/La ley del mar* (1984) ou *De un país en llamas* (1985), entre outros. Paralelamente, adéntrase nas raíces do son cubano, producindo os cinco álbums de Semilla del Son, que compilan música tradicional cubana, e colabora en diferentes eventos relacionados que se presentan por vez primeira na península artistas como Celeste Mendoza, Los Muñequitos de Matanzas, Faustino Oramas el Guayabero, os Naranjos de Cienfuegos, o Septeto Spirituano e Compay Segundo.

Tras a disolución definitiva de Radio Futura en 1992, Santiago Auserón pon en marcha un novo proxecto musical, Juan Perro, no que participan habitualmente prestixiosos músicos de rock, jazz, flamenco e son. Como Juan Perro, o artista grava cinco discos entre 1995 y 2002, sendo recoñecido con diferentes premios, como o premio ao mellor disco de rock latino en español por *Raíces al viento*, segundo a revista *La banda elástica* de Los Ángeles en 1995, entre outros.

Ademais de desenvolver os seus propios proxectos, Santiago Auserón colabora nos traballos de numerosos artistas como Compay Segundo, Kiko Veneno, Luis Auserón ou Raimundo Amador, entre outros. Ademais, organiza en colaboración coa revista Cuadernos de jazz a formación La Fábrica de Tonadas, que reúne a destacados improvisadores e coa que se presenta en diversos festivais de jazz, e participa, xunto a renomeados artistas españois e internacionais, nos concertos de homenaxe a Leonard Cohen de 2007. Xunto á Original Jazz Orchestra do Taller de Músics de Barcelona, desenvolve entre 2005 e 2007 o espectáculo *Canciones de Santiago Auserón*, e participa en xiras por diferentes países con outros músicos como o guitarrista Juan Vinyals. A proposta do festival Etnosur, crea o proxecto Juan Perro & La Zarabanda, con que actúa nos principais festivais españois.

Ademais da súa traxectoria como músico, Santiago Auserón é responsable das traducións de *La ciudad infinita* e *El árbol ausente* de Catherine François, publicadas por Pre-Textos en 1999 e por Demipage en 2009 respectivamente. Como escritor, publicou *La imagen sonora. Notas para una lectura filosófica de la nueva música popular* (Episteme, 1998), *Canciones de Radio Futura* (Pre-Textos, 1999), *Canciones de Juan Perro* (Salto de Página, 2012) e *El ritmo perdido. Sobre el influjo negro en la canción española* (Península, 2012). En marzo de 2014 xira polos Estados Unidos, realizando conferencias-concerto nos centros do Instituto Cervantes de Nova York, Chicago e a Universidade de Harvard en Boston, na State University de Nueva York e na Universidade de Princeton. Concertos no Joe's Pub de Nova York, no Howard Theatre de Washington, no Russian House e na Central Presbyterian Church de Austin.

## **Aldaolado**

aldaolado constitúen un estable grupo de dinamizadoras da palabra que congrega o talento de dúas poetas sen par: Lucía Aldao (A Coruña, 1982) e María Lado (Cee, 1979).

Neste 2015 cúmprense 10 anos do seu primeiro espectáculo: *Onde estea un cubata, que se quite un soneto*. Logo de pasear por toda Galicia este e outros recitais como *Moita poesía, pouca diversión*, *After*, *Con dez poemas por barba*, ou *Somos nós*, atópanse actualmente envoltas nunha nova xira.

*Sempre en Ibiza* é o título dese novo espectáculo poético, parte do cal amosarán na Fundación Luís Seoane. Dende ese exilio que as desterrou da torre de marfil, elas seguen concibindo o recital como unha festa, así que de novo botan man da poesía como escusa para o riso, ou do humor como pretexto para compartir os seus poemas, ao tempo que condimentan o evento con música en directo. Un xeito de achegar a poesía a novos públicos cando se aborda con desenfado, humor e toneladas de creatividade.

## **Lucía Aldao**

Lucía Aldao (A Coruña, 1982) comezou a despuntar na década dos noventa recibindo recoñecemento coma os premios Tanxedoira, Minerva, Francisco Fernández del Riego ou o premio de poesía O Facho. En paralelo á súa actividade como escritora, colabora con outros artistas como o músico Diego Delgado, co que forma o grupo Alddao, ou a tamén escritora María Lado, e participa en recitais de poesía, performances e espectáculos nos que a música e a poesía teñen un papel fundamental. O seu traballo apareceu en diferentes publicacións, entre as que destacan o libro de poemas *Unha ducia (máis un)*, con fotografías do arquitecto Luis Muñoz, e diferentes volumes colectivos, como *O trazo aberto* (2002), *Sempre mar* (2003), *Negra sombra* (2003), *Os gozos e as sombras* (2005), *Poética da casa* (2006) e *Plantando libros* (2006), así como en diversas publicacións periódicas como *A xanela* ou *O ollo público*.

## **María Lado**

María Lado (Cee, 1979) comezou a súa andaina como escritora a través do Batallón Literario da Costa da Morte, participando nas publicacións colectivas *Nós*, *Mar por medio* e *Rumbo ás illas*. Colaborou con diferentes medios como o portal Vieiros ou as revistas *Dorna* e *Comentário*, e publicou relatos nas revistas *Bravú*, *La Luna*, *La bella Varsovia*, *Madrygal*, *Infoxove* e *Tempos Novos*. Publicou así mesmo poemarios como *A primeira visión* (1997), *Casa atlántica casa cabaret* (2002), *Berlín* (2005) e *Nove* (2008), polo que obtivo o premio Avelina Valladares; e os seus poemas apareceron tamén en antoloxías como *D'efecto 2000* (1999), *25 anos de poesía galega 1975-2000* (2003), *As sonoras cordas* (2005), *Por man propia* (2005) e *To the winds our sails* (2010), en

noutro tipo de soportes, caso do disco *Pensando nelas*, ou dos documentais *Redeiras* e *Tecendo o fío da memoria*. Colabora habitualmente con diferentes emisoras de radio.